



AVISO

Subvencións para a adquisición de vivenda en concellos con poboación residente igual ou inferior a 10.000 habitantes do programa de axudas ás persoas mozas do plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025

O Instituto Galego de Vivenda e Solo publicou no Diario Oficial de Galicia do 7 de febreiro de 2023 a Resolución do 26 de decembro de 2022 pola que se procede á convocatoria das axudas para a adquisición de vivenda en concellos con poboación residente igual ou inferior a 10.000 habitantes do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025 para o ano 2023 (VI435A).

Prazo de presentación: Ata o 31 de outubro de 2023.

Requisitos das persoas beneficiarias:

- a) Ter menos de 35 anos, incluída a idade de 35 anos, no momento de solicitar a axuda ou no momento da subscripción do contrato privado ou da escritura pública de compravenda.
- b) Ter subscrito con posterioridade ao 15 de novembro de 2022 un contrato privado ou, de ser o caso, unha escritura pública de adquisición dunha vivenda que reúna os seguintes requisitos:
 - Que a vivenda estea localizada nun municipio pertencente ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia cunha poboación residente igual ou inferior a 10.000 habitantes.
 - Que o prezo de adquisición da vivenda, incluídos os seus anexos, sen os gastos e tributos inherentes a ela, sexa igual ou inferior a 120.000 €.
 - Que se trate dunha vivenda xa construída (tanto as vivendas novas como as usadas).
- d) Que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia estean empadroadas na vivenda adquirida no momento de presentación da correspondente solicitude.
- e) Que as rendas anuais das persoas que compoñen a unidade de convivencia sexan iguais ou inferiores a 3 veces o IPREM.
Este límite será de 4 ou 5 veces o IPREM se na unidade de convivencia existen persoas con discapacidade.
- f) Que nin a persoa solicitante nin ningunha das persoas integrantes da súa unidade de convivencia sexan propietarias ou usufrutuarias dalgunha vivenda en territorio español.

Contía da axuda:

A contía da axuda para a adquisición será de ata 10.800 € por vivenda, co límite do 20 % do prezo de venda, sen incluír os gastos e tributos inherentes a esa adquisición.

Enlace á convocatoria:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230207/AnuncioC3Q2-160123-0004_gl.pdf

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

O alcalde, Luís Menor Pérez.

